



CARTA ABERTA DA APDR AO CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE

Sr. Conselleiro:

Cando teñen pasado xa algúns días desde a súa publicación nos medios de comunicación, dispoñémonos a dar resposta ás súas declaracións sobre a Marcha contra CELULOSAS, unhas declaracións que, sendo xenerosos, temos que cualificar como desafortunadas.

Di Vde. de forma expresa que “non sinte ningún respecto polos organizadores da Marcha contra CELULOSAS”, por máis que das súas declaracións se poida deducir que descoñece Vde. quen somos os organizadores da mesma. En efecto, de calquera outro xeito non se pode entender que diga Vde. que perseguimos a rendibilidade política coa nosa mobilización; semella descoñecer que a Marcha deste ano facía a número 15 das organizadas pola APDR e que estas Marchas véñense realizando ano tras ano, con independencia de quen governe na Xunta de Galicia ou no goberno do estado. Semella descoñecer tamén que a APDR é unha asociación ecoloxista independente que non ten outro obxectivo que a loita polo medio ambiente, polo saneamento e recuperación da Ría de Pontevedra e, xa que logo, pola eliminación inmediata e definitiva do complexo ENCE-ELNOSA e a recuperación do espazo que hoxe ocupa en Lourizán para a nosa ría, para a explotación racional dos seus recursos naturais. Saiba, Sr. Hernández, que nós non temos aspiracións políticas e que vimos denunciando a falta de vontade dos distintos gobernos da Xunta por solucionar este problema. Son Vdes., os representantes políticos, os que fan as cousas en función da súa repercusión electoral, os que non teñen ningún pudor en mudar de posición de acordo coas súas necesidades.

Resulta absolutamente lamentábel, Sr. Hernández, que sendo Vde. Conselleiro de Medio Ambiente amose unha falta de respecto tan absoluta por unha asociación ecoloxista como a nosa, que leva xa mais de 22 anos traballando polo saneamento e recuperación da nosa Ría, unha asociación que ten case 600 socios e socias na comarca e que ten feito mais pola defensa do medio ambiente nesta zona do que teñen feito todas as Consellerías de Medio Ambiente xuntas.

Xa por último, Sr. Conselleiro, lembrarlle que seguimos agardando pola entrevista que hai mais dun ano temos solicitado para tratar con Vde. todo o relativo á presenza de ENCE-ELNOSA na nosa Ría.